

NOTA DE PRENSA

Pontevedra, 19 de febreiro de 2020

Ante a concentración realizada onte por un reducido número de persoas ante o Colexio de Educación Infantil e Primaria “A Laxe” de Marín, ANPE - Sindicato Independente que realizar as seguintes manifestacións:

Expresar o noso absoluto respaldo e apoio ó Equipo Directivo dese Centro, ó seu Claustro de Profesores e ó conxunto da Comunidade Educativa do mesmo.

Manifestar que nos parece deleznable que diante dun colexio, con profesorado no interior do mesmo, en cumprimento da súa xornada laboral, teña que ser vítima dun auténtico “escrache” por parte dun grupo de persoas na súa inmensa maioría alleas ó centro educativo e con presenza e participación de nenos e menores, recorrendo a insultos, ameazas e imprecacións totalmente intolerables en calquera contexto, pero moito menos diante dun centro educativo, ata o extremo de que finalmente o persoal do Colexio tivo que requirir a presenza policial ante o temor de que a situación derivara en peores consecuencias.

Os órganos competentes do C.E.I.P. A Laxe efectuaron todas as actuacións esixibles e activaron os protocolos correspondentes ó caso do suposto motivo que deu lugar á concentración, derivándose de ditas dilixencias, co respaldo da administración educativa, a inadecuación da protesta á carencia de fundamentación dos hipotéticos feitos.

Desde ANPE, unha vez mais expresamos o noso compromiso coa defensa, valoración e dignificación da función docente, tan encomiablemente encarnada nos profesionais que a exercen e que lamentablemente ven cuestionado e dasautorizado o seu labor por este tipo de lamentables iniciativas que danan non só ós profesores, senón ó conxunto da sociedade, ó socavar a un servizo público tan importante para a mesma.



ANPE Pontevedra